



MA ANGELES GARCÍA VILLAVERDE, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE REDONDELA

CERTIFICO: que no Pleno do Concello, na sesión ordinaria núm. 15 celebrada o 31/10/2019, o seguinte ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas, obtivo 21 a favor, unanimidade (09 do PP, 07 do PSdeG-PSOE, 03 de AER e 02 do BNG, resultando aprobada coa maioría legalmente esixida:

“Asunto: Aprobación definitiva do estudo de detalle promovido por Lugar das Cabritas, SL, representada por Purificación Couñago Taibo, en terreo sito no ámbito do Paseo da Xunqueira, 37 – Redondela. (Referencia catastral 2313506NG3821S0001SJ)

Pola presidencia, a concelleira de Urbanismo, dase conta da súa proposta de data 14 de outubro de 2019 do seguinte tenor:

Coa finalidade de lexitimar a actuación edificatoria residencial na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre recollida na Disposición Transitoria terceira 2ª da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, pola mercantil Lugar das Cabritas, SL, representada por Purificación Couñago Taibo, presentouse documento de estudo de detalle asinado en febreiro de 2019 pola arquitecta Ana I. Domínguez Salgado, en terreo sito no ámbito do Paseo da Xunqueira, 37 – Redondela. (Referencia catastral 2313506NG3821S0001SJ).

Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 11 de abril de 2019 aprobouse inicialmente o devandito estudo de detalle.

Efectuado o trámite de información pública mediante anuncio publicado no xornal Faro de Vigo do día 23 de abril de 2019 e, no Diario Oficial de Galicia núm. 91 do 14 de maio de 2019, non se presentou ningunha alegación, segundo resulta da certificación núm. 2019-0287 expedida pola Secretaria Xeral Accidental de data 04/07/2019.

Vistos os informes favorables da dirección xeral do Patrimonio Cultural de data 27/09/2019 e, da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Costas-art. 117.2 LC) de data 11/10/2019.

Vistos os artigos 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e, 194 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro; 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Presidencia, en virtude do que antecede, ten a ven propoñer á Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Infraestruturas que ditamine favorablemente a adopción polo concello Pleno dos seguintes ACORDOS:

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 4DF6GG3L74PKQWERFCNRRH9G | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle promovido pola mercantil Lugar das Cabritas, SL, representada por Purificación Couñago Taibo, en terreo sito no ámbito do Paseo da Xunqueira, 37 – Redondela (Referencia catastral 2313506NG3821S0001SJ), de acordo co documento de estudo de detalle asinado en febreiro de 2019 pola arquitecta Ana I. Domínguez Salgado.

Segundo.- Publicar o Acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia, e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Notificar o presente Acordo á propiedade.

Cuarto.- Comunicar á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a aprobación definitiva do estudo de detalle referido ao Paseo da Xunqueira, 37 - Redondela, á vez que se lle dá traslado dun exemplar en soporte dixital, debidamente dilixenciado, co fin de ser inscrito no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.>>.”

E, para que conste, expido e asino a presente certificación, coa advertencia sinalada no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de atoparse pendente de aprobación a acta que contén este acordo, e a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, de orde e co visto e praxe da alcaldesa.

Documento asinado e datado dixitalmente na marxe.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 4DF6GG3L74PKQWERFCNRRH9G | Corrección: <http://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2